



Master Class con Paloma Muñoz

Workshop Imaxinario – Corpo

Data: 3 de outubro

Horario: de 11.00 a 13.30 h

Lugar: Centro Coreográfico Galego

Praza Agustín Díaz Sánchez s/n. A CORUÑA

Prazas: 25

Formación dirixida a profesionais da danza

Inscripción ata o 2 de outubro

Gratuíta e por estrita orde de chegada
no mail: formacion.ccg@xunta.gal

Esta sesión dividirase en dúas partes. A primeira delas estará dedicada a un quecemento centrado na entrega do peso, as aliñacións e o traballo interno, a partir de imaxes e conceptos que Paloma Muñoz foi recompilando e adaptando ao longo da súa traxectoria. Compartirá unha visión do corpo influenciada por prácticas como Gyrotonic e diversas técnicas de danza contemporánea e improvisación. Na segunda parte, traballarase desde a creación: partindo de conceptos ou imaxes concretas, iranse construíndo corpos, explorando como estas ideas se poden transformar en movemento e en pequenas composicións físicas.

Paloma Muñoz

Paloma Muñoz é coreógrafa, intérprete e docente.

En 2018 arrinca o proxecto da compañía SIBERIA / Paloma Muñoz desde onde crea obras que exploran a memoria, o corpo e a relación entre forma e emoción. A súa peza *A Quija* (2024) recibiu o Premi da Crítica ao Mellor Espectáculo de Danza. Crea tamén para compañías europeas como Ballet Bern, Tanz Bielefeld ou Tanz Münster. É artista residente no Mercat de les Flors (2024–2026) e coreógrafa convidada en Tanz Mainz e ŽfinMalta (2025–2026).



XUNTA
DE GALICIA



CENTRO
COREOGRÁFICO
GALEGO